

D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ, Secretario Accidental do Concello de Lalín (Pontevedra),

CERTIFICO:

Que na sesión extraordinaria celebrada pola **Xunta de Goberno Local** o día **29 de decembro de 2016** coa salvedade do previsto no artigo 206 do R.O.F. dos termos de aprobación definitiva da acta adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO:**

6.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

6.7.- Vista a proposta da **Sr. Concelleiro Delegado de Urbanismo, Benestar Social, Saúde Pública, Eventos Deportivos e Xestión do Lalín Arena**, na que expón que vista a acta de cualificación final da fase de oposición e concurso do proceso selectivo para a configuración dunha Bolsa de Emprego do Concello de Lalín: Monitor-deportivo a tempo parcial, que se transcribe a continuación:

No Concello de Lalín, sendo as 13:00 horas do día 27 de decembro de 2016, de conformidade co disposto nas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 22 de setembro de 2016, reúnese o tribunal cualificador, integrado polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Román Pérez García

Vogais:

- Titular: M^a Dolores García Fernández
- Titular: Iria González Villar
- Titular: Jesús Barreira Fernández

Secretario:

- Titular: Manuel Varela Santomé

1.- FASE DE CONCURSO:

Á vista dos escritos presentados dentro do prazo para formular alegacións á fase de concurso, por D^a. Iria Campos Trabazo de data 20 de decembro de 2016 R.E. 10149, e por D^a. Begoña López Penas de data 23 de decembro de 2016 R.E. 10247, este Tribunal acordou permitir a subsanación do defecto formal de acreditación dos méritos presentados mediante a compulsa dos mesmos, e proceder a súa valoración, posto que ditos méritos xa foron invocados dentro de prazo de presentación dos mesmos e non se engade ningún mérito novo.

2.- CUALIFICACIÓNS FINAIS:

O tribunal declara que as cualificacións finais son as seguintes:

APELIDOS E NOME	PROBA TIPO TEST	PROBA PRÁCTICA	FASE DE CONCURSO	CUALIFICACIÓN FINAL
IGLESIAS VARELA, MARTÍN	9,20	10	16,3	35,5
CAMPOS TRABAZO, IRIA	8,45	5,25	13,10	26,8
MATANZAS CALVIÑO, ÁNGEL	8,00	8,00	6,5	22,5
LÓPEZ PENAS, BEGOÑA	9,25	9,75	1,0	20
LAMAS PÉREZ, ALEJANDRO	7,95	6,55	2,5	17

3.- APROBACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO:

De conformidade coa base vixésima das referidas, e logo de sumadas as puntuacións

totais dos exercicios da fase de oposición e as da fase de concurso, este tribunal somete a súa aprobación a Bolsa de Emprego do posto de monitor deportivo a tempo parcial, por orde de puntuación de maior a menor.

4.- CONTRATACIÓN DO POSTO DE TRABAJO OFERTADO

Este Tribunal propón a contratación como monitor deportivo a tempo parcial de **D. Martín Iglesias Varela**, por ser o aspirante que acadou unha maior puntuación en dito proceso selectivo.

Polo anteriormente exposto, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acordou:**

1º.- Aprobar a Bolsa de Emprego do posto de monitor deportivo a tempo parcial, por orde de puntuación de maior a menor.

2º.- Proceder á contratación como monitor deportivo a tempo parcial de **D. Martín Iglesias Varela**, por ser o aspirante que acadou unha maior puntuación en dito proceso selectivo.

E para que así conste, asino a presente certificación de orde e co visto e praxe do Sr. Concelleiro Delegado, en Lalín, a 29 de decembro de 2016.

Visto e praxe
O Concelleiro Delegado

